

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE, A SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA DA XUNTA, A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA E AS TRES UNIVERSIDADES DE GALICIA PARA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DE CREACIÓN DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2007

REUNIDOS

A Sra. Laura Elena Sánchez Piñón, Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 38, 43.3 e 44 da lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

O Sr. Fernando Xabier Blanco Álvarez, Conselleiro de Innovación e Industria, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 38, 43.3 e 44 da lei 11/1988 de reforma da lei 1/1983, do 22 de febreiro reguladora da Xunta e do seu Presidente.

A Sra. Ánxela Bugallo Rodríguez, Conselleira de Cultura e Deporte, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 38, 43.3 e 44 da lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

O Sr. Juan Fernando Salgado García, Secretario Xeral de Comunicación, en virtude das facultades da delegación de competencias, pola Orde do 27 de setembro de 2005, do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 191, do 4-10-2005.

O Sr. Salustiano Mato de la Iglesia, Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, como Presidente do Consello de Administración da S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia (en adiante S.A.X. CESGA) en virtude das facultades conferidas no artigo 30 dos Estatutos da Sociedade.

O Sr. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude da competencia atribuída no artigo 84 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

O Sr. José María Barja Pérez, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, en virtude da competencia atribuída no artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña.

O Sr. Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, en virtude da competencia atribuída no artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

EXPOÑEN

1. Que con data 3 de xullo de 2006 a Xunta de Galicia, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (S.A.X.CESGA) e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, asinaron un convenio de colaboración para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia do 11 de outubro de 2001, aprobado polo Consello da Xunta do 22 de xuño de 2006 e publicado no DOG nº 176 de 12 de setembro de 2006, cunha vixencia de cinco anos, dotándoo cos recursos económicos necesarios e aprobando as modificacións dos estatutos do consorcio.
2. Na cláusula quinta deste Convenio establecíase o importe das aportacións para o ano 2006 coas que a Xunta de Galicia e as Universidades do Sistema Universitario de Galicia contribuíran ó financiamento do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, con cargo ós seus orzamentos de gasto.

Así mesmo, na devandita cláusula indicábase que as aportacións económicas dos membros do consorcio para os seguintes anos de vixencia do convenio serían fixadas antes de rematar o exercicio anterior a aquel no que fora a surtir efecto, en reunión do Consello de Goberno e instrumentaríase nunha addenda ao devandito convenio.

3. Na reunión do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia de data 16 de outubro de 2006, os membros do Consorcio aproban por unanimidade modificar para o ano 2007 o importe das participacións económicas acordadas para o ano 2006 e consecuentemente prodúcese tamén unha modificación na porcentaxe de participación de cada institución.

Para reflectir axeitadamente estas modificacións, tódalas partes acordan engadir ao devandito convenio a seguinte

ADDENDA

PRIMEIRA: OBXECTO

A presente addenda ten por obxecto instrumentar as aportacións económicas ao Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para o ano 2007, acordadas no Convenio de Colaboración asinado, o 3 de xullo de 2006, entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta, a Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia para a renovación do Convenio de Creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

SEGUNDA: NOVAS APORTACIÓNS ECONÓMICAS

As achegas realizaranse por cada unha das partes polos importes e dende os conceptos orzamentarios dos orzamentos de gastos da Xunta de Galicia para o exercicio 2007 que se detallan a continuación, tendo en conta que o expediente se tramita ao abeiro do establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, polo que se regula a tramitación anticipada de gastos, modificada por orde da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 (DOG-29-11-2000) e de 25 de Outubro de 2001 (DOG do 29-10-2001), toda vez que existe crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias citadas do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2007 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de outubro de 2006, e quedando condicionada a eficacia do convenio á definitiva aprobación dos orzamentos e á existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo

ENTIDADE	APORTACION A GASTOS CORRENTES	APORTACION A INVERSIONES
Xunta de Galicia - Secretaría Xeral de Comunicación		68.326,06 €
		04.31.361A.740.0
Xunta de Galicia - Consellería de Educación e O.Universitaria	45.550,71 €	300.000 €
	09.04.422C.444.5	09.04.422C.744.1
		250.000 €
		09.05.422C.744.0
Xunta de Galicia - Consellería de Innovación e Industria		1.300.000 €
		10.02.432B.740.0
Xunta de Galicia – Consellería de Cultura e Deporte		60.000 €
		12.02.432 A640.1
Universidade da Coruña	103.619,50 €	
	9845 122B 449.00	
Universidade de Santiago de Compostela	103.619,50 €	
	8120.4938.48300	
Universidade de Vigo	103.619,50 €	
	0022 122B 444	
Total	356.409,21 €	1.978.326,06 €

As achegas correspondentes á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizaranse por medio da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia e da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia nas cantidades que se relacionan a continuación:

DIRECCIÓN XERAL	APORTACION
Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia	345.550,71 €
Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia	250.000 €

TERCEIRA: NOVA PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN

ENTIDADE	APORTACION A GASTOS CORRENTES (%)	APORTACION A INVERSIONS (%)
Xunta de Galicia- Secretaría Xeral de Comunicación		3,46 %
Xunta de Galicia-Cons. Educ. e O. Universitaria	12,79 %	27,8 %
Xunta de Galicia-Cons. Innovación e Industria		65,71 %
Xunta de Galicia-Cons. Cultura e Deporte		3,03 %
Universidade da Coruña	29,07 %	
Universidade de Santiago de Compostela	29,07 %	
Universidade de Vigo	29,07 %	

CUARTA: OUTRAS CONDICIÓNS

Para todo o non previsto na presente addenda serán de aplicación as cláusulas establecidas no convenio asinado entre as partes con data 3 de xullo de 2006

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
A CONSELLEIRA

Pola Consellería de Innovación e Industria
O CONSELLEIRO

Pola Consellería de Cultura e Deporte
A CONSELLEIRA

Laura Sánchez Piñón

Fernando X. Blanco Álvarez

Dna. Ánxela Bugallo Rodríguez

Pola Secretaría Xeral de
Comunicación.
O SECRETARIO

Pola S.A.X. Centro de
Supercomputación de Galicia
O PRESIDENTE

Pola Universidade de
Santiago de Compostela
O REITOR

Juan F. Salgado García

Salustiano Mato de la Iglesia

Senén Barro Ameneiro

Pola Universidade da Coruña
O REITOR

Pola Universidade de Vigo
O REITOR

José María Barja Pérez

Alberto Gago Rodríguez